



A forza poética do memorial de Xosé Vizoso en prol dos asasinados no monte Furriolo en Celanova –exemplo virtuoso da cooperación de activistas e artistas na recuperación da memoria fronte as forzas que a silencian– fálanos hoxe da Guerra Civil como o momento no que se parte a autonomía popular da historia da Galicia comunitaria e se aborta o proxecto dunha modernización progresista e democrática. Nesta sala quérese facer ver –como nunha cámara de ecos– o traballo ético e estético que levaron a cabo até catro xeracións distintas de artistas e testemuñas para transformar aquela violencia hoxe nun relato. Se a lóxica da represión –desaparecidos, fosas comúns, terrorismo, violencia de estado, censura e silencio institucional– ten por finalidade facer que non se saiba, non se lembre e non se vexa, o traballo dos artistas e doutros axentes da memoria busca precisamente dar unha forma a ese silencio, unha linguaxe a esa nada, unha figura ao borrado. O grafismo, a fotografía, o cine, a literatura e as investigacións académicas son capaces así xuntas de devolver politicamente outro corpo aos corpos dos vencidos.

Hai documentos de primeira hora que resumen corenta anos. É o caso da decisiva fotografía de Álvaro de la Parra en Vilafranca do Bierzo que testemuña as reclamacións democráticas dun pobo, ante a visita de Azaña en 1932. Esta mesma imaxe, no 1936 sería unha ferramenta de represión nas mans dos verdugos. Agachada para preservar aquela memoria contra o tempo do silencio é hoxe un símbolo da resistencia, do *pregue necesario* para sobrevivir na Ditadura. É só un exemplo dos moitos postos de releve grazas aos traballos das asociacións memoriais, dos activistas, dos arqueólogos e dos historiadores, dos xornalistas. Mediante exhumacións, lecturas e entrevistas xuntos foron capaces de reconstruír a verdade da represión dos movementos políticos. Tamén da destrución da resistencia antifascista nas guerrillas galegas durante a Guerra Civil e a posguerra. Coas evidencias arqueolóxicas e coas voces, veñen fotografías e obxectos, formas nas que se inscriben as tramas rotas de vidas e desexos colectivos que son un patrimonio democrático. Uns aprenden dos outros, e así hoxe os fotógrafos ollan como forenses ademais de como artistas, e len os trazos da represión, os vestixios dos lugares de sufrimento, dos cárceres ou dos campos de traballo.

Pero nin baixo o réxime se esquecía. Algúns artistas plásticos lembran. Documentan coa forza da memoria e o trazo do gravado ou do debuxo as escenas de crueldade, os rostros dos criminais, as rupturas do tempo e do espazo que foran necesarias para asentar un novo réxime. Contan toda a violencia imprescindible para destruír as formas de relación democrática, para concentrar o poder e a toma de decisións na estrutura vertical dun estado. Mesmo baixo do réxime os artistas asumen o traballo de recordar e van ao cárcere se é preciso por iso. Axiña como poden usan o espazo das exposicións alternativas –en bares ou en casas– para promover unha imaxe distinta, crítica, fronte á propaganda do Réxime. É o caso da exposición secuestrada de Estampa Popular Galega. Morto Franco, era aínda tan incómodo como preciso ver e facer ver o *Fardel da guerra*, co que cargara Conde Corbal, como outros da súa xeración. Aínda no ano de 1997 non foi posible amosar na Casa da Parra un cadro como *Velatorio español* de Manuel Ayaso, no que se reflexaba o enterro de Franco. O rastro en sangue da memoria tivo e segue a ter unha importancia decisiva na lexitimación do sistema político actual.

## ***Contra o país dos verdugos: as formas da memoria colectiva***